



51/2017

ACORDO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A BANCA INSTITUCIONAL DE ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. DE OFERTA E DIFUSIÓN DE LIÑAS DE FINANCIACIÓN DE ABANCA PARA FAMILIAS, EMPRESAS E CORPORACIONS LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, EN CONDICIONES PREFERENTES, DENTRO DO PLAN ACTIVAMOS 2017

Dunha parte D. Valentín Gonzalez Formoso, con D.N.I. núm. 76.412.581 A, en calidade de presidente da Deputación provincial da Coruña (en adiante a Deputación).

E da outra, D. Santiago Novoa García, con D.N.I. núm. 35.554.842 Q, na súa condición de director de Banca Institucional de ABANCA Corporación Bancaria S.A. (en adiante ABANCA).

EXPOÑEN

1. Que no marco da actual convivencia económica e social, é obxectivo prioritario da Deputación propiciar as condicións que permitan satisfacer as demandas de financiamento expostas polas familias, empresas, autónomos e Corporacions Locais (incluídos os seus Organismos dependentes), da provincia da Coruña.
2. Que é obxectivo estratégico de ABANCA e contribuir a potenciar o desenvolvemento social e económico da comunidade na que actúa, no ejercicio da súa actividade financeira, en constante adaptación ás necesidades cambiantes da contorna.

En base ao anteriormente exposto, as partes ACORDAN celebrar o presente Acordo de colaboración (en adiante, "O Acordo") entre ambas as partes, nos termos que se detallan a continuación:

AMBITO DE APLICACION

1. No marco deste Acordo, ABANCA pon ao dispor das familias, empresas e Corporacions Locais da provincia da Coruña, (en adiante, os "Beneficiarios"), unha liña de crédito en condicións preferentes de prezo con respecto a mercado de ata **49 millóns de euros**, instrumentada a través dos produtos que se recollen no Anexo I, (en adiante, o "Catálogo de Produtos").
2. A Deputación colaborará con ABANCA, na difusión das características e condicións do Acordo entre os Beneficiarios, sen que iso supoña exclusividade de ningún tipo, obrigación algúnhha por parte da Deputación da Coruña colocación entre os Beneficiarios dos Produtos e Servizos de ABANCA, nin compromiso de resultados.
3. Non obstante o anterior, calquera acción publicitaria e promocional relativa ao Acordo que se desenvolva deberá contar co mutuo Acordo entre as partes
4. Para poder acollerse a calquera das liñas de financiamento detalladas no presente Acordo, os Beneficiarios deberán acreditar ter fixado o seu domicilio fiscal no ámbito territorial da provincia da Coruña.

VIXENCIA DO ACORDO

Este Acordo estará vixente ata esgotarse a cota global establecido para familias, empresas e Corporacions Locais da provincia da Coruña de 49 millóns de euros ou un ano a partir da firma do mesmo (o que ocorra primeiro). No entanto e sempre que non se esgotou a cota global indicado anteriormente, o Acordo poderá prorrogarse tacitamente por idéntico período de tempo salvo que unha das partes denuncie con 1 mes de antelación á finalización do mesmo.

As condicións financeiras recollidas neste documento poderán ser revisadas, á alza ou á baixa, sempre que as variacións nos mercados financeiros así o xustifiquen, mantendo sempre a condición de competitivas dentro das ofertadas por ABANCA en cada liña. Para ese efecto, dita Entidade notificará por escrito á Deputación as novas condicións financeiras que vaian ser de aplicación, cunha antelación de 30 días naturais, respecto da data da súa entrada en vigor. Transcorrido o citado prazo, as novas condicións serán de aplicación para as operacións que se formalicen a partir do mesmo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

//ABANCA

COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para valorar os resultados da marcha do Acordo, créase unha comisión paritaria de seguimento composta por dous representantes nomeados pola Deputación e dous representantes nomeados por ABANCA, que se reunirá trimestralmente e sempre que o pida algúns das partes.

Dita comisión terá as seguintes atribucións:

- a) Tomar razón do número total de préstamos concedidos, denegados e importes formalizados no trimestre inmediatamente anterior, acollidos ao presente Acordo.
- b) Acordar, si as dúas partes consideran oportuno, a ampliación de finalidades e destinos dos préstamos destinados a familias, emprendedores (autónomos ou empresas) e corporacións locais.

COMPROMISOS DE ABANCA

ABANCA, comprométese a:

1. Manter en todo momento o Catálogo de Produtos anexo en condicións preferentes de mercado, sen máis limitación que as derivadas de cambios legais ou normativos, e do establecido no apartado "Vixencia do Acordo".
2. Estudar e analizar as demandas de crédito expostas polos Beneficiarios que queren acollerse ao Acordo, quedando ao seu criterio a decisión sobre a concesión, esixencia de garantías complementarias ou denegación de cada operación solicitada, en cumprimento da normativa e recomendacións bancarias en materia de investimento crediticio e de vinculación global do cliente.

Complementariamente, ambas as partes manifestan a súa firme vontade de ir analizando conxuntamente todos aqueles aspectos de mellora do Acordo, que contribúan a potenciar o desenvolvemento social e económico da provincia da Coruña.

Na Coruña, a 21 de abril de 2017

Pola Deputación provincial da Coruña,

Asdo.: D. Valentín González Formoso

Por ABANCA,

Asdo.: D. Santiago Novoa García



ANEXO I

OFERTA FINANCEIRA PARA BENEFICIARIOS
DO
ACORDO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

| BENEFICIARIOS | A. SEGMENTO FAMILIAS |
|---------------|----------------------|
|---------------|----------------------|

A.1. PRÉSTAMO DOTACIÓN EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO FAMILIAR

Apoiamos o acceso ás novas tecnoloxías a través de préstamos para adquisición de equipamento tecnolóxico e conexión de banda ancha.

| MODALIDADE | |
|----------------------------|--|
| DESTINO | Adquisición do equipamento e conexión de banda ancha co fin de impulsar o uso das TICS no entorno familiar |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | Ata 3.000 Euros |
| PRAZO | Ata 4 anos |
| TIPO DE XURO | 4,95% FIJO |
| COMISIONS | Apertura 0,50% (Mínimo 15 Euros) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | - Coa solicitude: orzamentos o facturas proforma do equipamento tecnolóxico a financiar o contrato de prestación de servizos de Banda ancha. - Despois da concesión: facturas do equipamento o servizos |

A.2. PRÉSTAMO PARA O DESENVOLVEMENTO FORMATIVO E PROFESIONAL

Apostamos pola formación e o desenvolvemento profesional mediante préstamos para a realización de programas de formación

| MODALIDADE | |
|----------------------------|--|
| DESTINO | Financiar a realización de programas de formación en universidades e centros formativos públicos e privados, nacionais e estranxeiros. Financiarase exclusivamente o importe da matrícula |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | Entre 3.000 e 30.000 Euros |
| PRAZO | Entre 1 e 8 anos |
| TIPO DE XURO | 5,50% FIJO |
| CARENCIA CAPITAL | Ata 24 meses (12 meses para importes inferiores a 10.000 €) Sen carencia intermedia |
| COMISIONS | Apertura 0,50% (Mínimo 100 Euros) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | - Na solicitude: confirmación de admisión no programa formativo a financiar e documentación pública do programa onde figure o seu custe. - Despois da concesión: matrícula o xustificante de abono. |



A.3. PRÉSTAMO PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS EFICIENTES

Para respetar o medio ambiente, financiamos a adquisición de automóviles eficientes: vehículos híbridos, eléctricos, etc.

| MODALIDADE | |
|----------------------------|--|
| DESTINO | Financiar a adquisición de vehículos automóviles eficientes: vehículos híbridos, eléctricos, alimentados con gas natural, con gases licuados do petróleo (GLP) o vehículos con pila de combustible. |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | Entre 3.000 e 30.000 Euros |
| PLAZO | Entre 1 e 10 anos |
| TIPO DE XURO | 5,75% FIJO |
| COMISIONS | Apertura 0,50% (Mínimo 100 Euros) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | - Na solicitude: orzamento ou factura proforma onde se especifique que o tipo de vehículo eficiente a financiar e un dos enumerados no apartado "Destino". - Trala concesión: factura da adquisición do vehículo. |

A.4. PRÉSTAMO PARA REFORMAS NO FOGAR: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, USO DE ENERXIAS RENOVABLES E MELLORA DE ACCESIBILIDADE

Ofrecemos financiamento para reformas que contribúan a mellora da accesibilidade o da eficiencia enerxética na vivenda habitual.

| MODALIDADE | |
|----------------------------|---|
| DESTINO | Financiamento de reformas que contribúan a mellora da accesibilidade o da eficiencia enerxética na vivenda habitual: envolvente térmica, instalacións (térmicas e de iluminación), así como substitución de enerxía convencional por biomasa. |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | Entre 3.000 e 60.000 Euros (A plazos: entre 3.000 e 10.000 Euros) |
| PRAZO | Entre 1 e 10 anos (A plazos: entre 1 e 5 anos) |
| TIPO DE XURO | 5,75% FIJO |
| COMISIONS | Apertura 0,50% (Mínimo 100 Euros) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | - Na solicitude: orzamento ou factura proforma onde se especifique que o tipo de reforma a financiar corresponde coas enumeradas no apartado "Destino". - Despois da concesión: facturas da reforma realizada |



BENEFICIARIOS

B. EMPRESAS E AUTÓNOMOS

B.1. PRÉSTAMO EMPRENDEDORES

Axudamos a poñer en marcha os seus proxectos mediante préstamos destinados á creación de novo negocio na provincia

| MODALIDADE | |
|-----------------------------------|---|
| DESTINO | Investimento e gastos para a posta en marcha de novo negocio. A parte de circulante non poderá superar o 50% de total do financiamento. |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | De 10.000 ata 100.000 Euros |
| PRAZO | Ata 8 anos |
| CARENCIA | 1 ano (opcional) |
| TIPO DE XURO | Primeiros 6 meses o 1,95% Resto Euribor 1 ano + 2,95 Tipo mínimo: 2,95% |
| COMISIONS | Apertura 1% (Mínimo 180 €) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | - Na solicitude: plan/proxecto de empresa. - Trala concesión: facturas das inversiones e pagos realizados |

B.2. PRÉSTAMO OU LEASING NOVAS INVERSIONS

Financiamento para proxectos de novo investimento empresarial.

| MODALIDADE | |
|-----------------------------------|--|
| DESTINO | Financiamento novos activos fixos tanxibles vinculados directamente coa actividade principal |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | De 10.000 € ata 500.000 Euros |
| PRAZO | Ata 8 anos (Leasing: entre 2 e 5 anos) |
| CARENCIA | 1 ano (opcional) |
| TIPO DE XURO | Euribor 1 ano + 3,15 Tipo Mínimo: 3,15% |
| COMISIONS | Apertura 1% (Mínimo 180 €) 0% Estudo, amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | - Na solicitude: orzamentos o facturas proforma. - Trala concesión: facturas do investimento finanziado |
| SEGURO LEASING | Condición para Leasing-> Seguro por mediación de correduría ABANCA* |

*MEDIADOR: ABANCA MEDIACION, OPERADOR DE BANCA-SEGUROS VINCULADO S.L, Operador de banca-seguros vinculado. Inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, tomo 3092, folio 73, folla C-38698. Inscrita no Rexistro Especial de Mediadores da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones co nº OV-0044. Con Seguro de Responsabilidade Civil e Capacidad Financeira esixidos pola Lei 26/2006 de Mediación de Seguros e Reaseguros Privados. CIF: B-70049630. Máis información na rede de oficinas de ABANCA Corporación Bancaria S.A ou en www.abanca.com"



B.3. POLIZA DE CRÉDITO CREACIÓN DE EMPREGO

Financiamento para incentivar a contratación dentro d'a provincia, tanto fixa como eventual (mínimo 6 meses) de altas laborais posteriores ao 30 de setembro de 2016

| MODALIDADE | |
|----------------------------|---|
| DESTINO | Creación de emprego. Contratos fixos e temporais (mínimo 6 meses) suscritos dentro dos 90 días anteriores a data de formalización del crédito. |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | <ul style="list-style-type: none"> - Salario anual mais seguros sociais do persoal contratado. - Para contratos de menos dun ano, salario e seguros sociais pola duración do contrato, con límite máximo de 15.000 Euros por contrato. - Límite total d'a póliza para calquer caso: 30.000 € |
| PRAZO | 24 meses (renovación tácita ao ano). 12 meses para contratos de duración inferior ao año. |
| CARENCIA | 1 ano (opcional) |
| TIPO XURO | Primeiros 6 meses o 1,50% Resto Euribor a 3 meses + 2,50 (Revisión Trimestral) Tipo Mínimo: 2,50% |
| COMISIONS | Apertura 1% (Mínimo 180 €) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| INFORMACION ADICIONAL | <ul style="list-style-type: none"> - O número de traballadores medio no momento da presentación da solicitude debe ser superior ao que tiña a empresa 3 meses antes (contrastable mediante a presentación de documentos TA ou TC). - Obrigatorio o aboamento de nomeas e seguros Sociais a través de ABANCA e a domiciliación de nómina por parte do empregado. |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | Documentos TA dos traballadores contratados segundo as características descritas no apartado "Destino". |

B.4. PRÉSTAMO PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA EMPRESA

Financiación de actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética en las instalacións das empresas.

| MODALIDADE | |
|----------------------------|---|
| DESTINO | Financiación de actuacións que contribúan a mellora de la eficiencia enerxética en las instalacións da empresa: envolvente térmica, instalacións (térmicas y de iluminación), así como sustitución de enerxía convencional por biomasa. |
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | Entre 10.000 e 100.000 Euros |
| PRAZO | Entre 1 e 10 años |
| TIPO DE XURO | Primer ano: 3,00% Resto: Euribor 1 ano + 2,75 Tipo mínimo: 2,75% |
| COMISIONS | Apertura 1% (Mínimo 180 €) 0% Estudo, Amortización e cancelación anticipada |
| DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA | <ul style="list-style-type: none"> - Na solicitude: orzamento o factura proforma onde se especifique que o tipo de reforma a financiar corresponde coas descritas en "Destino". - Trala concesión: facturas da reforma realizada. |



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

//ABANCA

B.5. POLIZA DE CRÉDITO AVANTE PARA NECESIDADES DE CIRCULANTE

Póliza especial, destinada específicamente para dar cobertura as necesidades de circulante, para pólizas de nova contratación.

| MODALIDADE | |
|--------------|--|
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | De 10.000 a 100.000 Euros |
| PLAZO | Ata 12 meses |
| TIPO DE XURO | Euribor 3 meses + 2,85 Tipo mínimo: 2,85% |
| COMISIONS | - Sen comisión de estudo, amortización anticipada e cancelación. - Apertura: 1% (Mínimo 180 €) - Non dispoñibilidade: 0,25% trimestral |

B.6. RENOVACIONES POLIZA DE CRÉDITO AVANTE PARA NECESIDADES DE CIRCULANTE

Póliza especial, destinada específicamente para dar cobertura as necesidades de circulante, para renovacións de pólizas formalizadas dentro do Plan Activamos anteriores.

| MODALIDADE | |
|--------------|--|
| GARANTÍA | Persoal |
| IMPORTE | De 10.000 a 100.000 Euros |
| PRAZO | Ata 12 meses |
| TIPO DE XURO | Euribor 3 meses + 3% Tipo mínimo: 3% |
| COMISIONS | - Sen comisión de estudo, amortización anticipada e cancelación. - Apertura: 1% (Mínimo 180 €) - Non dispoñibilidade: 0,25% trimestral |

BENEFICIARIOS

C. CORPORACIÓNS LOCAIS E ORGANISMOS AUTÓNOMOS DEPENDENTES

Complementariamente a esta proposta, ABANCA poderá estudar e presentar ofertas puntuais nos procesos de adxudicación e convocatorias oficiais que realicen as Corporacións Locais e os seus Organismos Autónomos dependentes, durante o período de vixencia do presente Acordo

C.1. PRESTAMO CORPORACIONES LOCALES

| MODALIDADE | |
|--------------|---|
| DESTINO | Cobertura de necesidades de inversión do Organismo |
| GARANTÍA | Persoal |
| PRAZO | Máximo de 12 anos |
| CARENCIA | 1 ano (opcional) e libre disposición |
| TIPO DE XURO | Ata o máximo que establece a Lei (*) |
| COMISIONS | 0% de Apertura, Estudo, Amortización e cancelación anticipada |

(*) De conformidade coa aplicación do principio de PRUDENCIA FINANCEIRA



C.2. POLIZA DE CRÉDITO CORPORACIÓN LOCAIS

| MODALIDADE | |
|--------------|---|
| DESTINO | Cobertura de necesidades de circulante do Organismo |
| GARANTÍA | Persoal |
| PRAZO | Máximo de 12 meses |
| TIPO DE XURO | Ata o máximo que establece a Lei (*) |
| COMISIONS | 0% de Apertura, Estudo, Amortización e cancelación anticipada e Non Dispoñibilidade |

C.3. AVAIS CORPORACIÓN LOCAIS

| MODALIDADE | |
|----------------------------|--|
| COMISION APERTURA | 0% (Mínimo 0 Euros) |
| COMISION RIESGO TRIMESTRAL | Aval económico: 0,15% (Mínimo 0 Euros) Aval técnico: 0,15% (Mínimo 0 Euros) |
| GASTOS ESTUDO | 0% |

C.4. CONFIRMING CORPORACIONES LOCAIS

CONDICIONES FINANCIERAS A PROVEEDORES: TARIFA DE PREZOS E ATRIBUCIONES

| TIPO DE INTERÉS ANTICIPO A PROVEEDORES | |
|--|------|
| TIPO Variable Euribor correspondente prazo financiamento + | 2,25 |
| Mínimo | 2,25 |

| COMISION ANTICIPO A PROVEEDORES | |
|---------------------------------|-------|
| Porcentaxe | 0,20% |
| Mínimo | 0 € |

CONDICIONES FINANCIERAS A CORPORACIONES LOCAIS: TARIFA DE PREZOS E ATRIBUCIONES MODALIDADE ESPECIAL PRONTO PAGO

| TIPO DE XURO ANTICIPO | |
|-----------------------|-----|
| TIPO Variable | (1) |
| COMISION ANTICIPO | |
| Porcentaxe | 0% |

(1) Ata o máximo que establece a Lei. De conformidade coa aplicación do principio de PRUDENCIA FINANCEIRA